



**D.<sup>a</sup> VIRGINIA FRAGA DIAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)**

**CERTIFICA:**

Que a Alcaldía, con data de 06 de novembro de 2018, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

---

**RESOLUCIÓN DA ALCALDIA**

**ASUNTO:** Aceptación dereito real de superficie

**EXPEDIENTE:** 2018/G003/000950

Visto que mediante escrito de 19 de outubro de 2018, a Sociedade Recreativa de Calo, e en representación da mesma a súa Presidenta, D.<sup>a</sup> Elsa Raquel Gómez Gómez, ofreceu ao Concello a constitución gratuíta, durante 50 anos, dun dereito real de superficie sobre un ben da súa propiedade, que se describe a continuación, para a execución da obra de “Instalación de céspede artificial e rega no campo de fútbol de Calo”, financiada a través do POS +2018, e para que se proceda á xestión pública do citado campo de fútbol durante o período de tempo indicado (rex. entrada nº 7964).

Considerando que o ben sobre o que se ofrece a constitución do dereito real de superficie é a parcela 798 do Polígono 508 do plan xeral da concentración parcelaria da parroquia de Calo, sobre a que está instalada un campo de fútbol de herba artificial, con referencia catastral 15083B508007980001DY, dunha superficie total aproximada, segundo a inscrición rexistral, de 7.820 m<sup>2</sup> (inscrita no Rexistro da propiedade de Padrón no tomo 414, libro 103, folio 21 con data 30 de maio de 1975), coa seguinte localización:

Paraxe: San Xoan de Calo. Campo de fútbol.

Lindeiros:

.- Norte, Manuel Otero Ferreiro (799) e camiño.



- .- Sur, José Cao Viño (795), Albino Cerviño Lopo (796), Bernardo López Sánchez (797) e zona excluída.
- .- Este, camiño e zona excluída.
- .- Oeste, Concepción Lueiro Barreiro (793) e masa común (794).

Considerando que a xestión pública do campo de fútbol é a máis axeitada para permitir as obras necesarias para a renovación do mesmo, garantindo así mesmo un uso social con maior aproveitamento público.

Considerando que o ben sobre o que se ofrece a constitución do dereito de superficie é ao que se refire o proxecto de *“Instalación de céspede artificial e rega no campo de fútbol de Calo”*, sobre o que se pretende executar a obra pretendida, tratándose polo tanto do ben idóneo para a constitución do dereito sinalado.

Considerado que a parcela atópase clasificada no PXOM como solo urbano consolidado e cualificada como equipamento comunitario, DEP-10, equipamento deportivo.

Vistas e aceptadas polas partes as “Normas de uso das instalacións do campo de fútbol de Rebordelo (Calo) que rexerán unha vez que se produza a cesión gratuíta por parte da Sociedade Recreativa San Xoán de Calo ao concello de Teo do dereito de superficie sobre o mesmo” que se incorporan como anexo.

Visto o informe da secretaria municipal, do 19 de outubro de 2018, o informe dos servizos técnicos, da mesma data, e o informe de intervención, do 26 de outubro de 2018, incorporados ao expediente.

En virtude do exposto e de conformidade co establecido na Disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,



**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aceptar a adquisición gratuíta do dereito real de superficie sobre a parcela 798 do Polígono 508 do plan xeral da concentración parcelaria da parroquia de Calo, sobre a que está instalada un campo de fútbol de herba artificial, dunha superficie total aproximada, segundo a inscrición rexistral, de 7.820 m<sup>2</sup> (inscrita no Rexistro da propiedade de Padrón no tomo 414, libro 103, folio 21 con data 30 de maio de 1975), ao que se refire o presente, para as finalidades así mesmo descritas.

**Segundo.-** A constitución do correspondente dereito de superficie terá lugar, para as finalidades así mesmo descritas, nos termos das “Normas de uso das instalacións do campo de fútbol de Rebordelo (Calo) que rexerán unha vez que se produza a cesión gratuíta por parte da Sociedade Recreativa San Xoán de Calo ao concello de Teo do dereito de superficie sobre o mesmo” que se incorporan como anexo ao presente.

**Terceiro.-** Remitir a documentación necesaria ao Rexistro da Propiedade para que efectúen os oportunos asentos rexistrais, segundo a lexislación hipotecaria.

**Cuarto.-** Notificar aos interesados a presente resolución, significándolles que deberán comparecer no momento que sexan emprazados para proceder a elevar a escritura pública a adquisición referida.

**ANEXO**

Normas de uso das instalacións do campo de fútbol de Rebordelo (Calo) que rexerán unha vez que se produza a cesión gratuíta por parte da Sociedade Recreativa San Xoán de Calo ao concello de Teo do dereito de superficie sobre o mesmo

O campo municipal de fútbol de Rebordelo (Calo), é unha instalación municipal ao servizo dos clubs deportivos do concello de Teo e, en consecuencia, debe ser xestionado con criterios que favorezan a súa utilización polo maior número de entidades e deportistas do concello de Teo.

A súa xestión corresponde ao Departamento de Deportes do Concello de Teo que será o responsable de organizar a actividade que nel se desenvolva.



## 1. HORARIOS DE APERTURA E PECHE.

1.1. Dende o 1 de agosto ao 30 de xuño, o horario de apertura do campo de fútbol de Rebordelo será o seguinte:

- De luns a venres, de 17:00 a 23:30h
- Sábados e domingos, de 9:00 a 22:00h

1.2. Os días festivos, agás competición oficial ou autorización expresa do Departamento municipal de Deportes, a instalación permanecerá pechada.

1.3. Con carácter xeral, no mes de xullo as instalacións permanecerán pechadas e tan só se desenvolverá nelas a actividade que previamente autorice o Departamento municipal de Deportes.

1.4. Os horarios establecidos neste apartado poderán sufrir modificacións nos supostos concretos que autorice o Departamento municipal de Deportes.

1.5. O concello de Teo poderá acordar o peche temporal das instalacións ou de parte delas cando se produzan causas que así o xustifiquen, comunicándollo aos usuarios/as coa máxima antelación posible.

## 2. PERSOAS E ENTIDADES USUARIAS. PREFERENZAS DE USO.

2.1. Con carácter xeral poderán usar as instalacións as entidades deportivas residentes no concello de Teo que desenvolvan a súa actuación deportiva no ámbito da competición ou da formación deportiva de base e federada, previa autorización do Departamento municipal de Deportes. Nestes casos a utilización da instalación non devengará gastos para a entidade autorizada.

2.2. Con independencia do anterior, e dada a procedencia histórica da instalación, considérase á “Sociedade Recreativa San Xoán de Calo” como **entidade residente** na instalación e, en consecuencia, recoñéceselle un uso preferente da mesma, sen que isto poida ser interpretado como un uso exclusivo nin excluínente doutras entidades.

2.3. En base a estes criterios establécense as seguintes preferencias de uso:

- Os equipos da “Sociedade Recreativa San Xoán de Calo” terán dereito a un uso preferente da instalación, sen que tal dereito poida supoñer un uso abusivo nin excluínente dos lexítimos dereitos doutras entidades.
- En segundo nivel de preferencia sitúanse os clubs deportivos censados no concello e Teo que non dispoñan de instalacións propias ou cedidas polo



Concello, para o normal desenvolvemento da actividade deportiva que desenvolvan no ámbito do deporte de base ou federado.

- O terceiro nivel de preferencia atribúese ás entidades deportivas do concello que, dispoñendo de instalacións propias ou cedidas polo Concello, precisen das instalacións de Rebordelo como complemento das súas propias, para celebrar entrenos ou competición oficial.

- Por último, o Concello de Teo resérvase o dereito de alterar a orde de preferencia de uso en función do tipo de actividade para a que se solicita a instalación.

2.4. A “Sociedade Recreativa San Xoán de Calo”, como entidade residente, disporá en exclusiva dalgúns dos locais existentes debaixo das gradas destinados á almacenaxe de equipamentos e material deportivo, así como para lavado e secado da roupa. Non se permitirá o almacenaxe de materiais que non teñan relación coa práctica deportiva.

A Comisión de Festas poderá seguir a utilizar o local que usa na actualidade, exclusivamente mediante acceso exterior. O Concello resérvase o dereito a eliminar esta autorización se, nalgún momento, se realizan obras de remodelación completa dos vestiarios que requiran dese espazo.

### 3. NORMAS DE ACCESO ÁS INSTALACIÓNS.

3.1. En base ao acordo suscrito entre o Concello de Teo e a entidade residente na instalación, corresponde ao persoal da “Sociedade Recreativa San Xoán de Calo” a responsabilidade da apertura e peche das instalacións nos períodos de tempo nos que as utilice no seu propio uso entre os meses de agosto e xuño (sen posibilidade de cesión desta potestade para uso doutras entidades). Durante o mes de xullo e nas actividades que desenvolvan outras entidades deportivas de agosto a xuño, será o propio Concello, ou persoas ou entidades nas que delegue, o responsable da apertura e peche das instalacións.

3.2. Dende o Concello remitirase á “Sociedade Recreativa San Xoán de Calo”, en tempo suficiente, notificación das autorizacións de uso concedidas para un determinado período, así como das autorizacións de uso puntuais que se poidan ir concedendo.

3.3. A persoa encargada de abrir e pechar a instalación poderá denegar a entrada ao recinto aos deportistas ou clubs autorizados, e incluso suspender a actividade unha vez iniciada, se considera que existe algunha circunstancia extraordinaria que o



aconselle, tales como danos na zona de xogo ou vestiarios, perigos derivados do estado das instalacións, etc. Neste caso deberá notificar por escrito a incidencia ao departamento municipal de Deportes para o seu coñecemento. No caso no que a actividade sexa unha competición oficial de fútbol, a suspensión corresponde ao árbitro do partido segundo o Regulamento da RFEF

3.4. As persoas usuarias (deportistas, entrenadores, monitores, público asistente, etc.) deberán seguir en todo momento as observacións e requirimentos do persoal a.o cargo das instalacións e estarán obrigadas a cumprir as presentes normas

3.5. Os comportamentos inadecuados ou vandálicos contra calquera dos elementos da instalación ou outras persoas usuarias da mesma, suporá a expulsión inmediata da persoa ou persoas implicadas. A reiteración nestas condutas poderá supoñer a expulsión definitiva da entidade ou clube afectado.

3.6. O Concello de Teo resérvase o dereito de anular ou suspender calquera reserva, feito que deberá ser comunicado coa máxima antelación posible aos clubs ou entidades afectadas.

3.7. Nas instalacións está prohibida a entrada de animais, agás cans guía.

3.8. Está prohibido comer pipas ou similares no interior de todo o recinto das instalacións, así como acceder con envases de vidro ou cristal, botes de bebidas ou calquera outro obxecto susceptible de ser arrebolado ou utilizado para golpear.

3.9. Autorízase á “Sociedade Recreativa San Xoán de Calo”, como entidade residente, a explotación do local destinado a cantina, no que non se poderán dispensar bibidas alcohólicas. As bebidas permitidas dispensaranse sempre en recipientes de plástico ou papel.

3.10. A explotación dos dereitos de publicidade estática no campo corresponde a “Sociedade Recreativa San Xoán de Calo”. A instalación de novos elementos publicitarios que non existan na actualidade requirirán da aceptación do Concello de Teo.

#### 4. NORMAS DE USO DOS VESTIARIOS.

4.1. Poderán acceder aos vestiarios unicamente os clubs ou colectivos que teñan autorización de uso das instalacións, o corpo técnico e mestres, os árbitros, e no caso



de competición oficial ou de xeito puntual, algún membro da xunta directiva dos colectivos con autorización de uso, sempre debidamente acreditados.

4.2. Cando coindidan dous ou máis equipos correspóndelle a distribución dos vestiarios á persoa responsable das instalacións.

4.3. O acceso aos vestiarios realizarase, como máximo, cunha hora de antelación no caso concreto das actividades de competición (partidos oficiais), coas excepcións que a nivel federativo se poidan comunicar.

4.4. En ningún caso poderán acceder aos vestiarios nenos ou nenas sen que estea presente a persoa adestradora ou persoa responsable do grupo.

4.5. Excepcionalmente, a aqueles clubs que traballen con nenos ou nenas menores de 9 anos, permitiráselles que un adulto acompañe aos menores ao vestiario, sempre que a entidade da que dependa o autorice. Os grupos de nenos ou nenas maiores de 9 anos accederán en presenza, unicamente, dos adestradores ou persoas responsables do grupo. Situacións especiais respecto desta norma serán valoradas de xeito puntual polo Departamento municipal de Deportes.

4.6. Mentres grupos de persoas ou equipos formados por menores de idade estean a facer uso dos vestiarios, será obrigatoria a presenza nas instalacións dun adulto responsable ata o final da actividade e o abandono das instalacións.

4.7. Está expresamente prohibido cambiarse de roupa en zonas tales como corredores, aseos ou, en xeral, calquera outra dependencia que non sexa un vestiario.

4.8. Unha vez rematada a actividade os deportistas deberán abandonar o vestiario nun prazo máximo de vinte e cinco minutos.

4.9. Cando na zona de vestiarios concorran actividades masculinas e femininas e se produza calquera tipo de conduta sexista ou atentatoria contra o dereito á intimidade das persoas, será considerada moi grave e suporá a expulsión do recinto do infractor ou infractores, sen prexuízo da denuncia dos feitos a que houbera lugar. Se estas actitudes tiveran lugar en presenza e ante a pasividade dalgún responsable do equipo ou do grupo, producirase a inmediata expulsión do grupo ou equipo, correspondéndolle ao Departamento municipal de Deportes a decisión sobre a sanción a impor e as medidas a tomar en función da gravidade do acontecido.

4.10. Na zona de vestiarios é obrigatorio o uso de chanclas para ducharse.



4.11. Por razóns de seguridade non está permitido o uso de aparellos eléctricos na zona de vestiarios. Quedan excluídos desta prohibición os aparellos que funcionen con baterías.

4.12. Por razón de hixiene non está permitido depilarse, afeitarse, cortarse as uñas, comer ou, en xeral, todo aquilo que poida supoñer un risco engadido para a saúde dos usuarios.

4.13. Dentro da zona de vestiarios non está permitido xogar con balóns ou outros elementos propios do xogo, como bates, pelotas, etc., e non se permite a saída dos mesmos sen estar completamente vestidos.

## 5. NORMAS DE USO DO TERREO DE XOGO.

5.1. Todas as persoas deportistas, adestradores e demais colaboradores que teñan acceso ao terreo de xogo, deberán usar calzado deportivo e unha vestimenta apropiada á práctica deportiva que vaian realizar.

5.2. Está prohibido o uso de botas con tacos metálicos. Do seu uso será responsable o equipo ou entidade á que pertenza a persoa infractora. A reiteración desta infracción poderá ser causa da expulsión do colectivo da instalación.

5.3. Non está permitido manipular os equipamentos deportivos, de rego, alumeado, etc., sen que estea presente o persoal responsable da instalación ou sen permiso expreso deste.

5.4. Non está permitido desancourar porterías nin colgarse delas. A retirada das mesmas só poderá ser realizada polo persoal responsable das instalacións.

5.5. En actividades de adestramento que non correspondan a competición oficial, e sempre baixo a supervisión dos responsables do Departamento municipal de Deportes, o campo poderá ser utilizado simultaneamente por equipos diferentes, categorías distintas ou clubs ou entidades diferentes. Neste caso compartirán vestiario os equipos pertencentes a unha mesma entidade, sempre que fose necesario, respectando, se a actividade fose concorrente, un vestiario para as actividades de equipos femininos.

5.6. Nas categorías inferiores, e en labores de adestramento, o campo poderá ser usado simultaneamente ata por catro equipos de categorías alevín ou inferiores, e por dous equipos a partir de infantil, sempre que a demanda de uso así o esixa.





5.7. Con independencia do anterior e cando circunstancias especiais así o requiran, o departamento municipal de Deportes a petición da entidade ou club interesado, poderá suspender as actividades concorrentes nun mesmo horario en favor dun equipo determinado para a preparación de partidos ou competicións que se determine que precisan dunha preparación especial. Nestes supostos, o departamento municipal de Deportes avisará con tempo suficiente ás entidades afectadas.

## 6. RESERVA DE USO DAS INSTALACIÓNS.

6.1. Antes de rematar o mes de xullo, as entidades e clubs interesados no uso das instalacións remitirán ao Concello as súas peticións, detallando horarios, equipos, categorías e periodicidade das súas necesidades en materia de adestramento, que tería lugar necesariamente entre as 17:00 e as 23:30h, de agosto a xuño.

6.2. As solicitudes de reserva de uso deberán ser remitidas ao Concello en documento presentado por Rexistro ou directamente a través do enderezo electrónico [deportes@teo.gal](mailto:deportes@teo.gal)

6.3. Corresponde ao Concello, previa análise das necesidades e as peticións recibidas, confeccionar o cadrante horario de uso das instalacións, que sera deseñado tendo en conta os criterios de preferenza do apartado 2 destas normas, e comunicándollo ás persoas e entidades interesadas na primeira semana de setembro.

6.4. Perderase o dereito á utilización das instalacións nas franxas horarias sinaladas

- Por non facer uso das instalacións
- Comparecer cun número inferior a oito deportistas de forma reiterada
- Incumprir de xeito reiterado cos horarios concedidos
- Incumprir algunha das normas recollidas neste documento

6.5 As solicitudes de reserva para a celebración de partidos de competición oficial, deberán ser efectuadas mediante comunicación remitida ao correo electrónico [deportes@teo.gal](mailto:deportes@teo.gal) semanalmente, debendo estar en posesión do departamento municipal de deportes antes das 12:00h do martes da semana na que se van celebrar os partidos. As peticións recibidas fóra dese prazo serán desestimadas e tan só se concederían en horarios que non fosen reservados segundo os criterios aquí expostos.

6.6. As reservas realizadas seguindo os criterios do apartado anterior serán confirmadas aos clubs ou entidades solicitantes, pola mesma vía, o martes da mesma semana da petición entre as 13:00 e as 14:00h.



6.7. O resto das solicitudes serán presentadas do mesmo modo e forma cunha antelación de 72 horas. As reservas así efectuadas serán coconfirmadas aos solicitantes, pola mesma vía, nun prazo máximo de 72 horas.

## 7. MÓDULOS HORARIOS.

7.1. Para adestramentos, de luns a venres:

17:00 a 18:15h. Horario preferente para as categorías prebenxamín e benxamín

18:15 a 19:45h. Uso preferente para as categorías alevín e infantil

19:45 a 21:15h. Uso preferente para as categorías cadete e xuvenil

21:15 a 23:00h. Uso preferente da categoría senior

7.2. Para as competicións oficiais de fin de semana establécense os seguintes módulos horarios:

Fútbol 8

Sábados e domingos de 12:00 a 13:00h e de 13:00 a 14:00h

Fútbol 11

Sábados e domingos de 10:00 a 12:00h, de 16:00 a 18:00h, de 18:00 a 20:00h e de 20:00 a 22:00h

O Concello resérvase o dereito de modificar estes módulos sempre que o considere oportuno e que sexa a favor das persoas solicitantes ou usuarias.

## 8. TAXAS.

Poden consultarse no BOP núm. 24 do luns 4 de febreiro de 2013.

## 9. SANCIONES.

9.1. Os danos ocasionados nas instalacións ou en calquera dos seus elementos polas persoas usuarias ou os deportistas como consecuencia de actos negligentes ou de accións vandálicas, deberán ser asumidos e compensados pola persoa ou persoas implicadas. No caso concreto de actividades vencelladas con clubs deportivos, considerarase á entidade como responsable subsidiaria e quedará obrigada a repoñer os danos ocasionados.



9.2. A reiteración deste tipo de comportamentos ao longo da tempada suporá a inmediata anulación da totalidade de horas de uso concedidas á entidade ou club, independentemente do equipo ou persoa que cometa a infracción.

## 10. SEGURIDADE E SAÚDE.

10.1. Coa fin de garantir a seguridade de todas as persoas usuarias, xogadores, adestradores ou deportistas en xeral que fagan uso das instalacións do campo de fútbol de Rebordelo, deberán informar á persoa responsable do recinto ou ao departamento municipal de Deportes dos estragos ou anomalías que observen nas distintas zonas da instalación e, moi especialmente, nos equipamentos deportivos que utilicen.

10.2. O Concello de Teo recomenda a todas as persoas deportistas facer un recoñecemento médico previo, coa fin de comprobar que a práctica do deporte non perxudica a súa saúde-

10.3. O Concello de Teo non se fai responsable dos obxectos extraviados ou substraídos en calquera dependencia das instalacións, polo que recomenda non acudir ás mesmas con obxectos de valor.

10.4. O Concello de Teo declina toda responsabilidade nas lesións que puideran producirse derivadas da práctica deportiva nas instalacións.

## 11. MODIFICACIÓN E INTERPRETACIÓN DAS NORMAS.

11.1. A modificación das presentes Normas de uso son unha competencia exclusiva municipal, informando dos cambios producidos aos clubs e entidades deportivas coa suficiente antelación para a súa posterior aplicación. As entidades usuarias poderán realizar suxestións de modificacións que consideren oportunas, que o departamento municipal de Deportes valorará. En todo caso, as posibles modificacións non poderán supoñer un prexuízo para a entidade residente "Sociedade Recreativa San Xoán de Calo".

11.2. En caso dalgunha dúbida respecto das presentes Normas de Uso do Campo de fútbol de Rebordelo (Calo), prevalecerá o criterio do departamento municipal de Deportes.



11.3. Os clubs que fagan uso desta instalación municipal comprométense a coñecer e aceptar as presentes Normas de uso, as sancións que puideran impoñerse así coma as decisións que tome o departamento municipal de Deportes.

11.4. Calquera información, dúbida ou suxestión respecto ao uso e funcionamento das instalacións, deberá dirixirse ao departamento municipal de Deportes, ben electronicamente ([deportes@teo.gal](mailto:deportes@teo.gal)) ou de forma presencial nas oficinas municipais de luns a venres, en horario de 8:00 a 14:00h.

---

E para que así conste, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do sr. alcalde, en Teo, mércores 7 de novembro de 2018.

Vº e Praxe  
O alcalde

A secretaria xeral

Rafael Carlos Sisto Edreira

Virginia Fraga Diaz